

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E “CELTA INGENIEROS S.L.” PARA A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA: “FORMACIÓN EN ECOGRAFÍA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), entidade instrumental adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde, e a empresa “Celta Ingenieros S.L.” subscribiron con data 9/11/20 un convenio que ten por obxecto a organización de cursos de ecografía, para formar aos usuarios dos novos ecógrafos dos centros de AP.

Que a empresa “Celta Ingenieros S.L.” asumirá o financiamento da actividade formativa (5.367 €) e loxística (traslado dos aparellos aos puntos de formación), para a formación do persoal.

Que ambas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións formativas para o persoal dos centros de AP, o que redundará en beneficio das persoas usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.